

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS) E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE MATERIALES PARA LA CONSTRUCCIÓN (ASEMACO) PARA A DIVULGACIÓN DAS AXUDAS EN MATERIA DE VIVENDA EN GALICIA E DO FINANCIAMENTO CO SISTEMA CREDIASEMACO.

EXPEDIENTE: CC-IGVS04-22

1.- Obxecto do Convenio.

O IGVS ten entre as súas funcións, recollidas na Lei 3/1998, do 27 de abril, de creación do IGVS, artigo 3, a realización da política de solo e da vivenda da Xunta de Galicia polo que está interesado en apoiar todas aquelas iniciativas e propostas de carácter público ou privado que contribúan a incentivar o sector.

ASEMACO é unha asociación integrada por empresas do sector do comercio de materiais de construción e saneamento, e outras empresas de sectores afíns como fabricantes e distribuidores de prefabricados de formigón, plantas de formigón, fábricas de cerámica, derivados do cemento, empresas de granito, alugadores de maquinaria, etc. O ámbito de actuación é Galicia e os seus fins asociativos son a xestión, defensa e coordinación dos intereses comúns das empresas asociadas.

Esta asociación aglutina aos vendedores de materiais de construción que son os provedores da maior parte do material que se utiliza para acometer as obras de rehabilitación, fundamentalmente no medio rural, no que a maioría das actuacións de rehabilitación son obras pequenas autopromovidas polos propietarios das vivendas.

Entre os servizos que presta ASEMACO, está o sistema Crediasemaco, produto da colaboración coas entidades financeiras ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. desde xullo de 2014 e BANCO DE SABADELL, S.A. desde o ano 2019. Crediasemaco consiste nun sistema de financiamento das vendas das empresas asociadas aos seus clientes. Con este sistema os clientes poden mercar o que precisen ata un importe financiado, por operación, de un máximo de 18.000€ e un mínimo de 500€, e pagalo en prazos de ata 12 meses sen xuros nen comisións.

A eficacia deste produto nacido no ámbito do sector da construción, froito da sinatura dun acordo entre a asociación ASEMACO e as entidades financeiras, queda patente por canto que do mesmo forman parte as 100 empresas asociadas a ASEMACO en toda Galicia, facilitou no tempo e contribuíu a un financiamento do consumidor final para executar obras de reforma por un número global de máis de 20.000 operacións, superando en facturación máis de 20 millóns de euros formalizados.

Como complemento ao servizo citado e coa finalidade de incentivar o mercado da rehabilitación, que ten unha incidencia clara no sector no que opera ASEMACO, a





asociación, está interesada en difundir os programas que existen neste ámbito e que supoñen un incentivo para acometer estas actuacións, e para iso amosa a súa vontade de colaborar co IGVS na divulgación dos programas de axudas xestionadas polo organismo.

Polo anterior, considérase importante apoiar as iniciativas privadas que inciden neste ámbito, como é o caso deste sistema que permite obter financiamento sen xuros aos compradores de materiais de construción, de forma que a xente poda ver unha alternativa á actividade subvencionadora no financiamento do material, que non implica o desembolso de fondos públicos da Administración, pero si ten unha alta incidencia na potenciación da rehabilitación e na mellora de noso entorno, principalmente no medio rural.

Por iso o IGVS e ASEMACO asinaron nove convenios de colaboración dende o ano 2012 que tiñan por obxecto contribuír á difusión do sistema Crediasemaco, por entender que era un mecanismo de incentivación da rehabilitación na nosa comunidade autónoma.

Os datos das operacións co sistema Crediasemaco relativos á anualidade 2021 amosan que se realizaron 101 operacións por un importe de 511.971€ euros. Isto leva á Asociación a valorar esta iniciativa e o seu resultado de éxito, xa que activa a actividade comercial e significa unha fonte de financiamento para o consumidor final.

De conformidade co esixido no artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector público, o obxecto do convenio non está comprendido no dos contratos regulados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE, de 26 e febreiro de 2014.

As razóns que impiden a concorrência da oferta e exclúen a tramitación dun contrato administrativo, son as seguintes:

Ao IGVS, segundo o establecido no artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, correspóndelle a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia, polo que está interesado en apoiar todas aquelas iniciativas de carácter público ou privado que contribúan a incentivar o sector, entendendo que un dos problemas fundamentais no contexto actual está na falta de financiamento para que os particulares podan levar a cabo actuacións de rehabilitación nas súas vivendas. Neste sentido, ante a limitación dos recursos económicos existentes que limitan a alternativa de conceder dito financiamento aos promotores pola vía da concesións de subvencións, enténdese que deben buscarse fórmulas alternativas que potencien a rehabilitación sen pasar necesariamente pola actividade subvencionadora directa. Unha das vías posibles é a colaboración coas iniciativas privadas que permitan o acceso ao financiamento para aquelas persoas que queren promover obras de rehabilitación, como é o Sistema Crediasemaco.

As anteriores cifras, que sinalan o éxito do sistema, motivan o interese do IGVS na súa divulgación, por canto supón unha ferramenta eficaz que pode animar a promotores, que ven limitadas as súas posibilidades de rehabilitar mediante o



financiamento con axudas públicas, para que poidan acometer estas obras acudindo ao financiamento privado, sen xuros, o que en definitiva redonda na reactivación do sector da construción nun contexto económico no que se ve especialmente afectado e, ao mesmo tempo, supón un mecanismo de incentivación da rehabilitación na nosa comunidade autónoma.

Ao tratarse dun produto financeiro exclusivo, nacido dun acordo entre entidades privadas, ao que o IGVS unicamente vai a prestar apoio para a súa difusión, sen que esta colaboración implique ningún tipo de responsabilidade para o IGVS derivada directa ou indirectamente do funcionamento do sistema Crediasemaco, non é posible promover a concorrência.

2.- Obrigas das partes.

As partes son conscientes da necesidade de formalizar un futuro convenio de colaboración que teña por obxecto por un lado, difundir os programas de axudas que xestiona o IGVS en materia de rehabilitación pola ASEMACO e, por outro, a promoción do Sistema Crediasemaco por entender que se trata dun sistema que incide favorablemente na potenciación da realización das actuacións de rehabilitación na Comunidade Autónoma.

A colaboración realizarase do seguinte xeito:

Por ASEMACO:

- Mencionará expresamente a colaboración do IGVS na divulgación e publicidade do sistema Crediasemaco nos seus centros e nas campañas publicitarias, a través de calquera medio de comunicación.
- Facilitar nas dependencias dos seus asociados información sobre os programas en materia de rehabilitación xestionadas polo IGVS.

Polo IGVS:

- Colaborará na divulgación e publicidade do sistema Crediasemaco nos medios de comunicación, prensa e televisión a nivel autonómico.
- Proporcionará a información sobre as liñas de programas de axudas á rehabilitación que xestiona o IGVS.

3.- Contido económico.

En contraprestación pola difusión destes programas en rehabilitación o IGVS pagará a ASEMACO a cantidade de 18.000,00 €, impostos incluídos, con cargo á aplicación orzamentaria 08.81.451A.640.0 dos orzamentos para o 2022. O pago realizarase contra presentación da xustificación dos gastos efectivamente realizados na divulgación e publicidade do sistema Crediasemaco e na información sobre as axudas en materia de rehabilitación xestionadas polo IGVS.

Para o IGVS trátase dunha inversión inmaterial xa que a actividade a realizar neste convenio é un inmovilizado que ten carácter amortizable porque vai contribuír á difusión dos programas autonómicos e estatais en materia de rehabilitación de vivendas. Os anuncios levaran os logos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o IGVS e ASEMACO.





O gasto que vai supoñer para a asociación a difusión e a publicidade e para os seus socios o feito de informar sobre as axudas do IGVS será o seguinte:

ACCIÓN	NÚMERO	PROVINCIAS	IMPORTE TOTAL (impostos incluídos)
Publicidade en medios escritos, dixitais e radio	98	Catro provincias	12.874,40€
Xestión de coordinación do desenvolvemento do proxecto e distribución personalizada do soporte promocional nas catro provincias da Comunidade Autónoma Galega e fomentar activamente o desenvolvemento das novas axudas europeas do plan de recuperación, transformación e resiliencia.	Soporte publicitario a entregar nas empresas asociadas	Catro provincias	4.993,98€
Dirección, desenvolvemento, deseño e elaboración do proxecto realizado pola administración de ASEMACO	1	Catro provincias	2.037,06€
TOTAL			19.905,44€

A difusión das axudas realizarase a través dos establecementos de venda de materiais de construción, cando o cliente acuda a mercar os materiais informaríase das axudas que o IGVS ten para a rehabilitación así como dos beneficios e exencións fiscais.

4.- Vixencia do convenio.

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Documento asinado electronicamente.

A secretaria xeral do IGVS

M^a Ángeles Domínguez Franjo

